



Reclamante: [REDACTED]

Expediente **RSCTG 0112/2017**

Correo electrónico: [REDACTED]

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno

En resposta á reclamación presentada por [REDACTED], mediante escrito do 17 de novembro de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 21 de novembro de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada unha solicitude de acceso á información por parte do IES Monte das Moas.

A interesada indicaba que durante unha garda de recreo, o 17 de outubro de 2017, fora agredida por un alumno que lle provocou lesións das que foi atendida no servizo de urxencias do Hospital San Rafael da Coruña. O 18 de outubro de 2017 solicitou a continxencia de accidente laboral e presentou informe da agresión sufrida no IES. O 3 de novembro de 2017, ao amparo da Lei de Transparencia solicitou acceso á información “ *sobre o estado de tramitación da continxencia de accidente laboral e sobre o estado de tramitación das informacións previas, expediente, e accións sancionadoras contra o meu agresor*”. O 9 de novembro de 2017 recibe unha resolución de acceso á información pública na que se lle comunica que “ *o expediente aberto ao presunto alumno agresor finalizou coa resolución e as accións propostas pola xuíza instrutora e confirmadas pola directora que subscribe*”. A interesada entendía que se lle denegara o acceso á información sobre o expediente sancionador aberto ao agresor.

O escrito viña acompañado da copia da documentación que se relaciona:

- DNI
- Informe clínico de urxencias do 17 de outubro de 2017 ás 16:24 horas.

- Solicitud de acceso á información ao amparo da Lei 19/2013, do 9 de decembro, con rexistro de entrada no centro o 3 de novembro de 2017.
- Escrito de 8 de novembro de 2017 no que a secretaría do centro require á reclamante a que presente nova solicitude pois a de 3 de novembro “*carece de destinatario*”.
- Solicitud de 3 de novembro de 2017 no que a reclamante dirixe a solicitude á dirección do IES Monte das Moas, con rexistro de entrada de 8 de novembro de 2017.
- Oficio de 9 de novembro de 2017 no que a directora do centro di brevemente que a documentación do accidente laboral foi enviada o día 20 de outubro ao organismo correspondente, e en relación ao estado da tramitación das informacións previas, expediente e accións sancionadoras o recollido na reclamación dirixida a esta comisión.

Segundo. Con data 30 de novembro de 2017 iníciase o expediente de reclamación previa á vía contenciosa administrativa e:

- Déuselle traslado da documentación achegada polo interesado á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achégase informe e copia completa e ordenada do expediente, comunicándolle que coa mesma data remítese o expediente ao Instituto Monte das Moas.
- Déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao Instituto Monte das Moas para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achégase informe e copia completa e ordenada do expediente comunicándolle que coa mesma data remítese o expediente á consellería de educación.

A recepción da solicitude polo instituto foi o 4 de decembro de 2017 e pola administración foi o 5 de decembro de 2017.

Terceiro. Con data 11 de decembro de 2017 recibíuse o informe do Instituto e o expediente disciplinario instruído contra o alumno. O 15 de decembro de 2017 procédese a devolver o expediente ao IES, por non dar resposta ao solicitado e conter datos especialmente protexidos, e se lle explica ao instituto que o expediente e informe requirido era a existencia dunha petición por parte [REDACTED] e que se fixo con esa solicitude e o expediente que esta solicitude xeraxe. Porén o oficio de remisión si que forma parte do expediente e nel se relata a tramitación desde o nomeamento da instrutora ata a remisión do expediente á familia do alumno e a inspección educativa. Na relación deste expediente hai unha petición da agora reclamante para que se lle entregue copia das gravacións das cámaras de vixilancia do centro, e se indica que a directora deulle resposta a esta petición.

Cuarto. Con data de 26 de decembro recíbese o informe da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria sen o expediente, por considerar que existe un erro na petición da agora reclamante ao invocar a normativa reguladora que amparaba tal dereito *“xa que invocou a normativa vixente en materia de transparencia no canto da que regula o procedemento administrativo común, que é a que resulta de aplicación ao caso, dada a condición de parte interesada da persoa solicitante”*. Este informe entende que malia o erro da reclamante na cualificación estimouse a súa pretensión dentro dos cinco días seguintes ao da súa recepción e *“a reclamante é interesada no procedemento sobre o que solicita a información, xa que logo, o acceso aos expedientes administrativos das persoas que ostentan a condición de interesadas neles ven regulado pola LPAC e non pola LTBG, tal como salienta a propia CTG na súa solicitude de informe (...)”*

Así, a pretensión de [REDACTED] *(coñecer o estado de tramitación dos procedementos nos que o solicitante ten a condición de persoa interesada) é un dereito regulado no artigo 53 da LPAC, cuxa materialización debe seguir os trámites procedimentais xerais previstos na propia LPAC, e non nas leis, estatal ou autonómica, de transparencia, que teñen por obxecto regular o acceso á información só no relativo á actividade pública da Administración. Así é como o entendeu, e actuou en consecuencia, o centro educativo: deulle a coñecer á solicitante o concreto trámite no que se atopaban os procedementos relacionados na súa solicitude.*

De acordo co exposto, a vía correcta de impugnación contra a resolución do centro educativo pasaba pola interposición dos recursos ordinarios previstos no artigo 112.1 da LPAC, para os que transcorreron xa os prazos previstos na normativa polo que, en consecuencia, o acto devén firme para todos os efectos. Isto determina, por outra banda, a imposibilidade da CTBG para entra no fondo por tratarse dun asunto situado fóra do seu ámbito de competencias.”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos

supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como *“os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”*.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

Cómpre en primeiro lugar analizar se tal como di a administración existe a aplicación da disposición adicional primeira da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta disposición di que a

normativa reguladora do correspondente procedemento administrativo será a aplicable ao acceso por parte de quen teña a condición de interesado nun procedemento administrativo en curso aos documentos que se integren no mesmo. O escrito de 9 de novembro de 2017 di que *“Como vostede ben coñece, o expediente aberto ao presunto alumno agresor finalizou coa resolución e as accións propostas pola xuíza instrutora e confirmadas pola directora.”*

Na relación de trámites recollidos no oficio de 11 de decembro de 2017 elaborado polo Instituto figura que á persoa agredida, e agora reclamante, non se lle notificou a apertura do expediente, nin a resolución. A única participación da reclamante no expediente é que solicitou a copia das gravacións das cámaras de vixilancia do centro, e que existe unha resposta da directora a esa petición. Por tanto, non foi considerada interesada, se non denunciante, e a día de hoxe descoñece o expediente.

Igualmente hai que ter en conta que o centro, o 9 de novembro, xa lle comunica á reclamante que o expediente aberto finalizou coa resolución e as accións propostas polo centro. Por tanto, o 9 de novembro de 2017 o expediente administrativo xa estaba rematado e a disposición adicional primeira aplícase só para os procedementos en curso. Por tanto, é un procedemento xa rematado ao que, en teoría, se podería ter o dereito de acceso.

Agora ben, o artigo 15.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, establece que se a información contén datos relativos á comisión de infraccións administrativas que non leven á amoestación pública ao infractor, o acceso só se poderá autorizar no caso de que se conte co consentimento expreso do afectado, ou si aquel se amparase por unha norma con rango de lei. Este mesmo artigo establece que cando non se trata de datos especialmente protexidos é necesario ponderar se debe facilitarse ou non a información. Nesta ponderación hai que destacar, como o fai este artigo da lei, a maior garantía dos dereitos dos afectados no caso de que os datos contidos se refiran a menores de idade.

Neste expediente estamos ante un procedemento disciplinario nun Instituto, no que as notificacións do inicio do expediente e a resolución se comunican á familia do alumno; polo tanto estamos ante un menor de idade. Tamén hai que subliñar que a Lei 19/2013, do 9 de decembro, no punto 1 do artigo 15, equipara a comisión de infraccións administrativas que non leven á amoestación pública ao infractor cos datos especialmente protexidos. Nestes casos o acceso só se podería autorizar cando se conte co consentimento expreso do afectado, ou si o acceso estivese amparado por unha norma con rango de Lei.

Se a reclamante tivese pedido o expediente disciplinario, o Instituto debería ter feito a ponderación indicada. Mais a reclamante, o 8 de novembro de 2017 (o escrito do 3 de novembro foi rexeitado por carecer de destinatario) pediu acceso á Comisión da Transparencia *“sobre o expediente sancionador aberto ao meu agresor”*. Sen embargo, o escrito dirixido ao centro non demanda ese expediente sancionador, senón o estado da

tramitación das informacións previas, expedientes e accións sancionadoras contra o agresor. A resposta do centro é que o expediente finalizou coa resolución e as accións propostas pola xuíza instrutora; por tanto, con resposta do solicitado no que se refire ao expediente sancionador.

Quinto.- Á vista da solicitude feita en primeira instancia a resposta coincide coa información solicitada.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

Único. Desestimar a reclamación presentada por [REDACTED], con data do 21 de novembro de 2017, contra a resolución de 9 de novembro de 2017 emitida pola Directora do Instituto Monte das Moas da Coruña.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 28 de febreiro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga